

Bases reguladoras para a subvención de actividades de dinamización do comercio, da hostalería e dos mercados de Ferrol e aprobación da súa convocatoria para o ano 2018

Base 1.- Liñas estratéxicas

O Concello de Ferrol establece dentro das súas prioridades apoiar todas aquelas actividades e actuacións dirixidas á promoción, ao fomento, á modernización e ao apoio do comercio de proximidade, da hostalería e dos mercados como un eixo vertebrador da economía local e referente nestes sectores.

Por medio desta convocatoria establécense unha liña principal de axuda:

Liña de axuda : Dinamizar a oferta comercial, hostaleira e mercados de Ferrol para promocionar e consolidar a cidade como referente comercial e hostaleiro.

Base 2.- Réxime xurídico

O marco normativo desta convocatoria está constituído polas seguintes leis e disposicións legais que se nomean a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como cantas outras normas legais ou regulamentarias, conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

- Lei 7/1985, do 2 e abril, reguladora das bases de réxime local e RD 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento orgánico de funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións xunto co RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Bases de execución do orzamento municipal 2018

Base 3.- Obxecto e finalidade

Ten por obxecto establecer as bases reguladoras polas que se rexerá a convocatoria pública, en concorrencia competitiva, das axudas e subvencións dirixidas ás asociacións dos sectores do comercio, da hostalería e dos mercados con ámbito de actuación no Concello de Ferrol co obxecto de realizar actividades de dinamización durante o ano 2018.

Para este fin establécese a seguinte liña de axuda:

Liña de axuda	actividades de dinamización comercial, hostaleira e dos mercados de Ferrol 2018 realizadas no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2018
----------------------	--

Gastos subvencionables:

1. Eventos, campañas e actividades dirixidas a:
 - Promocionar e/ou incentivar o uso dos servizos comerciais, hostaleiros e dos mercados da cidade.
 - Dinamizar a oferta existente para fidelizar o uso dos servizos nas distintas zonas comerciais da cidade fronte ás grandes superficies.
 - Apoiar as liñas de comercialización e promoción de produtos de calidade que permitan o seu asentamento no mercado local.
 - Promoción de produtos ou eventos identificativos da zona e que contribúan á promoción económica e dinamización da cidade.

2. Cursos de formación, xornadas, exposicións ou similares dirixidos a mellorar a calidade dos servizos e a formación dos profesionais dos sectores.
3. Edición de material promocional da cidade para o seu uso no comercio/hostalería/mercados ben a través da reedición de material promocional xa existente do Concello de Ferrol, ben a través da edición de novo material.
4. Gastos de xestión / organización /coordinación até un máximo do 20% do importe subvencionado por actividade.

Gastos non subvencionables:

Quedan excluídas desta convocatoria e polo tanto non poderán ser obxecto de axuda as seguintes actividades:

- Actividades xa subvencionadas dende o Concello de Ferrol a través de calquera outra convocatoria ou procedemento de colaboración.
- As viaxes de ocio e os gastos de manutención realizados polo persoal das entidades.
- As actividades de carácter confesional.
- As festas, agás aquelas que teñan como obxectivo a promoción e dinamización económica da zona.
- Os gastos corrientes de funcionamento das entidades/asociacións.
- Aquelas que teñan un carácter discriminatorio ou non favorezan a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Calquera outra actividade que a criterio da Comisión de Avaliación non contribúa á finalidade desta convocatoria.

Base 4.- Financiamento

O financiamento destas axudas efectuaranse con cargo aos orzamentos municipais do exercicio 2018 na aplicación orzamentaria **02104-2412-48000 polo importe total de 90.000€.**

O importe total do importe das axudas distribuírase do seguinte xeito:

Liña de axuda	Total crédito consignado	Importe máximo de subvención	Número máximo de actividades	Importe máximo subvencionable por entidade
Actividades de dinamización comercial, hostaleira e dos mercados de Ferrol 2018	90.000€	80%	6 actividades por entidade (individuais e conxuntas)	25.000€

Base 5.- Entidades solicitantes, requisitos e obrigas:

5.1.- Solicitantes:

Poderán concorrer a esta convocatoria todas aquelas asociacións, sen ánimo de lucro, relacionadas co comercio, coa hostalería e cos mercados de Ferrol e que cumpran os requisitos desta convocatoria.

5.2.- Requisitos:

Para ser beneficiarias das axudas, as ditas entidades deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas como tales, sen ánimo de lucro, e figurar inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Ferrol.
- Cumprir os requisitos desta convocatoria
- Non contravir o regulado nos artigos 13 e 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Estar ao corrente das súas obrigas tributarias (estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social.
- Desenvolver as súas actividades no termo municipal de Ferrol.

5.3.- Obrigas:

- Realizar as actividades obxecto da subvención.
- Acreditar ao Concello de Ferrol a realización das actividades e o cumprimento do seu fin.
- Os gastos axustaranse aos prezos de mercado.
- Para gastos superiores a 2.500€ achegaranse tres orzamentos.
- Cumprir as condicións que se determinen nas bases e na concesión da subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación dos servizos correspondentes por razón da materia así como as de control financeiro que correspondan á Intervención Municipal e entregar a documentación que se lles requira.
- Comunicarlle ao Concello de Ferrol a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera das Administracións Públicas ou entidades públicas ou privadas, así como outros ingresos ou recursos que financien a mesma actividade.
- Dar cumprimento das obrigas de publicidade debendo constar o financiamento do Concello de Ferrol en todas as actividades subvencionadas en calquera dos medios de difusión (gráficos, dixitais ou audiovisuais). Así mesmo, deberá aparecer o logo do Concello de Ferrol de conformidade coas normas de edición establecidas.
- Empregar o idioma galego tanto na publicidade como nos programas, actividades e documentación que se utilice.
- Facilitar tanta información poidera ser requirida polo Consello de Contas de Galicia e do Tribunal de Contas do Estado.
- Todas as entidades que resulten beneficiarias e unha vez notificada a resolución de concesión das axudas, elaborarán de forma conxunta un "calendario único" de actividades para todo o período subvencionable. Unha copia deste calendario único será remitido á Concellería de Emprego e ao gabinete de prensa.
- Cada entidade deberá comunicar ao gabinete de prensa do Concello de Ferrol, con suficiente antelación, a programación mensual das actividades subvencionadas.

Base 6.- Presentación de solicitudes, documentación e prazo

Lugar de presentación:	No Rexistro Xeral do Concello ou en calquera outros rexistros e oficinas ás que se refire o art. 16.4 da Lei 39/2015
Prazo:	15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP a través da BDNS.

As solicitudes deberán formularse nos modelos normalizados que se poderán descargar na web do Concello de Ferrol e deberán acompañarse de documentación complementaria.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación incondicionada das presentes bases reguladoras.

Documentación:

a) Solicitude (segundo modelo) que inclúe:

- Declaración responsable do cumprimento dos requisitos para obter a condición de beneficiario, segundo o art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Declaración responsable onde se sinala que cumpre co establecido no art. 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Declaración doutros ingresos ou subvencións que tamén financien a actividade subvencionada (indicando, de ser o caso, importe e procedencia).

b) Documentación complementaria:

- (*)Copia compulsada da tarxeta do NIF da entidade
- (*)Copia compulsada do DNI da persoa que actúa como representante e documento que acredite a súa representación.
- (*)Copia compulsada dos estatutos da entidade.
- Designación da conta bancaria na que se efectuarán os ingresos, segundo as normas establecidas pola Tesourería Municipal:
<http://www.ferrol.es/archivos/documentos/solicitudes/DesignacionDeContaBancariaEBaixaDeDatosBancarios.pdf>.
- Certificación orixinal acreditativa do acordo de solicitude da subvención por parte da entidade.
- Acreditación mediante documentos orixinais de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social e coa AEAT, ATRIGA e co Concello de Ferrol.
- Cadro de valoración (segundo modelo)
- Memorias-actuacións (segundo modelo).

(*) No caso de que esta documentación xa esté no órgano xestor da subvención non será necesario entregala, agás que se produxera algún cambio. Deberá indicarse esta situación no modelo de solicitude.

En caso de non presentar a dita documentación achegará unha declaración xurada de que a documentación existente non sufriu variación ningunha.

Base 7.- Tramitación das solicitudes

O Negociado de Promoción Económica será o encargado de revisar os expedientes de solicitude e verificará que conteñan toda a documentación esixida.

No caso de que a documentación presentada fose incorrecta ou insuficiente, daráselle á entidade solicitante un prazo de 10 días hábiles para que achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndoselle saber que, no caso de incumprimento entenderase que desiste da súa solicitude, previa resolución que deberá ser dictada nos termos previstos no art. 21 da Lei 39/2015.

Base 8.- Procedemento

8.1 O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axusarase ao establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, nas disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvención e o seu Regulamento aprobado polo Decreto 887/2006 do 21 de xullo.

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva.

Cando unha entidade presente varias actividades deberá indicar a prioridade dunhas sobre outras.

A inconcreción da actuación ou falta de detalle do gasto das actividades non será valorada e, polo tanto, non subvencionable.

A entidade beneficiaria deberá asumir unha porcentaxe mínima de cofinanciamento

A formulación das propostas de concesión corresponderalle a unha comisión avaliadora en función das solicitudes recibidas, así como, das puntuacións obtidas segundo os criterios de valoración.

8.2. A comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

- Presidencia: o concelleiro delegado da Área de Participación, Seguridade e Tráfico, Emprego, Normalización Lingüística e Promoción Económica ou concelleiro/a en que delegue.
- Vocais:
 - o Un representante da Asociación de Consumidores de Ferrol.
 - o Un representante de cada un dos grupos municipais do Concello de Ferrol.
 - o Un/unha funcionario/a municipal.
- Asistencia técnica: un técnico municipal da concellería de Emprego.
- Secretaría da comisión avaliadora (con voz pero sen voto): o secretario xeral do Concello ou funcionario/a en quen delegue.

Base 9.- Criterios de Valoración

A valoración das solicitudes realizarase de conformidade cos seguintes criterios de valoración en réxime de concurrencia competitiva:

Criterios de valoración	Puntuación
Número de actividades solicitadas	10
Colaboración entre entidades participantes para o desenvolvemento de actuacións de forma conxunta	10
Realización de actividades de formación	15
Realización de actividades de mellora do uso de idiomas	15
Nivel de cofinanciamento da entidade	10
Desenvolvemento de actividades relacionadas coa aplicación de novas tecnoloxías ao sector do comercio, hostaleiro e de mercados.	10
Coherencia técnica do proxecto: nivel de adecuación entre a programación e os obxectivos da convocatoria	15
Grao de innovación e creatividade do proxecto	15

Asignarase a puntuación máxima a aquelas solicitudes que presenten a proposta máis elevada de cada un dos criterios obxectivos de valoración e reducirase proporcionalmente as ditas puntuacións para as propostas restantes.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase logo da consideración das actividades que se van realizar ponderando os criterios de valoración descritos anteriormente.

Base 10.- Resolución e notificación

A concesión das subvencións será aprobada por resolución do concelleiro delegado da Área de Participación, Seguridade e Tráfico, Emprego, Normalización Lingüística e Promoción Económica trala proposta de concesión da comisión avaliadora xunto coa formulación do informe-proposta de resolución realizado pola unidade encargada da tramitación do expediente.

As subvencións concedidas notificaranse aos interesados e publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Ferrol (na súa versión dixital e física) así como na BDNS.

Base 11.- Xustificación e pagamento

11.1.- Prazo da xustificación

O prazo para a xustificación das subvencións rematará o 31 de marzo de 2019.

No caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días para a súa emenda. Trancorrido o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste da súa petición, dictando resolución que deberá ser notificada á entidade beneficiaria.

11.2.- Consideracións xerais

- Poderán realizarse pagos fraccionados correspondentes ao ritmo de execución das accións subvencionadas
- Para realizar cada pagamento parcial a entidade beneficiaria deberá presentar a súa xustificación por medio de “*conta xustificativa*” que se describe no apartado 11.3 destas bases. Xunto coa documentación requirida, a entidade beneficiaria deberá achegar un compromiso no que conste que no prazo de 10 días a partir da data na que o Concello de Ferrol realice o ingreso efectivo da xustificación parcial da subvención, presentará os documentos acreditativos de pagamento dos ditos gastos. O incumprimento deste compromiso impedirá o pago anticipado das seguintes xustificacións parciais. Este compromiso non será de aplicación coa presentación por parte da entidade beneficiaria da última xustificación, xa que será de obrigado cumprimento adxuntar os documentos acreditativos de pagamento dos ditos gastos.
- As xustificacións parciais non poderán realizarse por importe inferior ao 25% da subvención concedida.
- A xustificación final non poderá ser inferior ao 15% da subvención concedida.
- Poderá haber a posibilidade de realizar pagos anticipados que suporán a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención:
 - importe máximo autorizado de pago anticipado será o 50% do total da subvención concedida.
 - Réxime de garantías: a entidade beneficiaria que se acolla a esta opción quedará obrigada a constituír garantía por un importe igual á cantidade de pago anticipado.
 - A constitución de garantía realizarase nas modalidades e coas características e requisitos dispostos na normativa vixente.
- importe a xustificar será o 100% do gasto executado (importe de subvención + importe de cofinanciamento).
- No caso de que o importe xustificado sexa unha cantidade inferior á que se deba xustificar, o importe que aboará o Concello de Ferrol establecerase mediante unha equivalencia.
- No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 50% en cada unha das actividades subvencionadas, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha nas ditas actividades.
- O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade ou investimento desenvolvido pola entidade beneficiaria.
- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

11.3.- Documentación xustificativa

A entidade beneficiaria deberá presentar a documentación xustificativa a través do Rexistro Xeral do Concello de Ferrol no prazo establecido na convocatoria. A documentación a presentar será a seguinte:

- **Unha memoria por cada actividade subvencionada** (asinada) e xustificativa do cumprimento do obxecto da subvención concedida indicando, cando menos:
 - As actividades realizadas (datas, lugares, descrición das mesmas...)
 - Persoas beneficiarias
 - Zona de influencia (comercial/hostaleira)
 - Resultados obtidos
 - Soporte fotográfico de cada evento.
 - Anexo:
 - Cursos de formación: partes de asistencia + negocios participantes
 - Actividades de dinamización: relación de negocios participantes
- Facturas orixinais polo importe total da subvención concedida, ao abeiro do establecido no artigo 30.3) da Lei 38/2003 de 17 de novembro (Lei xeral de subvencións e o seu Regulamento). Poderase xustificar con copia compulsadas sempre que previamente se inclúa no orixinal a seguinte dilixencia, asinada polo responsable:
“Dilixencia: En cumprimento da Lei 38/03 esta factura foi utilizada como xustificante do gasto para a obtención da subvención do Concello de Ferroldo ano”
- Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, e no seu caso, a data de pagamento, de acordo co artigo 75 do RD 887/2006 do Regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións (LXS). Segundo (**ANEXO I**).
- Xustificantes de pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (No caso do pagamento por transferencia bancaria: xustificante bancario; no caso do pagamento por cheque: extracto bancario e copia da matriz do talón, no caso de transferencia electrónica xustificante impreso co selo da entidade e extracto). En todo caso, sempre deberá vir perfectamente identificado o gasto e a súa correspondencia coa factura ou documento de valor probatorio.
- Declaración xurada sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración pública ou de particulares ou de entidades privadas (**ANEXO II**)
- Designación da conta bancaria na que se efectuarán os ingresos, segundo as normas establecidas pola Tesourería Municipal
<http://www.ferrol.es/arquivos/documentos/solicitudes/DesignacionDeContaBancariaEBaixaDeDatosBancarios.pdf>
- Certificación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter tributario, da Seguridade Social e dos tributos municipais. Aquelas subvencións nas que a contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000€ a presentación de declaración responsable poderá substituírse a estas certificacións.
- Probas do cumprimento das obrigas de publicidade a través da achega de documentos gráficos nos que conste a colaboración do Concello de Ferrol en toda información (impresa, informática ou audiovisual) que se fíxeran relacionadas coas actividades subvencionadas.
- Declaración responsable do cumprimento dos requisitos para obter a condición de beneficiario, segundo o art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, General de Subvenciones e do art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (**ANEXO IV**)

Forma de presentación da documentación xustificativa:

A documentación xustificativa deberá presentarse de forma organizada utilizando algún método de encadernación que permita extraer a dita documentación para a súa revisión e, de ser o caso, a súa dixitalización.

1º.- Documentación xenérica:

Declaracións (anexos II e IV)

Certificacións de estar ao corrente nas obrigas

Número de conta da entidade (modelo Tesouraría municipal)

2º.- Documentación específica:

Para cada actividade subvencionada:

Memoria xustificativa (asinada)

Anexo I (relación de facturas, ...)

Facturas ou documentos de valor probatorio

Xustificantes de aboamento

Probas de cumprimento das obrigas de publicidade

Cursos de formación: partes de asistencia + negocios participantes

Actividades de dinamización: relación de negocios participantes

Base 12.- Procedemento de reintegro de subvencións

O incumprimento do establecido nesta convocatoria poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento até o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O dito procedemento realizarase de conformidade co disposto no artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003 (LGS) e nos art. 91 e seguintes do RD 887/2006.

Base 13.- Obrigas das entidades beneficiarias

As obrigas das entidades beneficiarias son as recollidas na Lei 38/2003, xeral de subvencións, no RDL 887/2006 e na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Base 14.- Autorizacións administrativas

A entidade colaboradora encargarse de conseguir calquera tipo de autorización que deba obter das administracións competentes, incluída a municipal, para a realización das actividades obxecto desta convocatoria e será, así mesmo, a única responsable do seu cumprimento.

Base 15.- Uso da lingua galega e dunha linguaxe non discriminatoria

As comunicacións co Concello de Ferrol así como as difusións relativas ao obxecto desta convocatoria deberán realizarse en galego en cumprimento da Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística. Igualmente, empregarase unha linguaxe non discriminatoria nin excluínte do xénero feminino.

Disposición adicional primeira

A participación na convocatoria supón a aceptación das súas bases reguladoras.

Disposición final

A presente convocatoria entrará en vigor coa publicación do extracto da convocatoria no BOP e será válida para o ano 2018.

Ferrol, na data que consta na sinatura electrónica

O concelleiro delegado da Área de Participación, Seguridade e Tráfico, Emprego, Normalización Lingüística e Promoción Económica

José Alvaro Montes Celeiro

LIÑA DE AXUDA: DINAMIZACIÓN COMERCIAL, HOSTALEIRA E MERCADOS	SOLICITUDE pax.1/3
Convocatoria de axudas ANUALIDADE 2018	

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

Razón social:		NIF:
<input type="text"/>		<input type="text"/>
Enderezo completo:		
<input type="text"/>		
Teléfono:	Teléfono móbil:	Correo electrónico:
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (Só cando no coincida co anterior)

<input type="text"/>		
Teléfono	Teléfono móbil	Correo electrónico
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DA PERSOA DE CONTACTO PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Teléfono	Teléfono móbil	Correo electrónico	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

SUBVENCION SOLICITADA

INDIVIDUAL	Importe TOTAL	Subvención SOLICITADA	% solicitado
	<input type="text"/> €	<input type="text"/> €	<input type="text"/> %

CONXUNTA

	Actividade conxunta	Importe solicitado	Custe total da actividade
1.-	<input type="text"/>	<input type="text"/> €	<input type="text"/> €
2.-	<input type="text"/>	<input type="text"/> €	<input type="text"/> €
3.-	<input type="text"/>	<input type="text"/> €	<input type="text"/> €
4.-	<input type="text"/>	<input type="text"/> €	<input type="text"/> €
5.-	<input type="text"/>	<input type="text"/> €	<input type="text"/> €
6.-	<input type="text"/>	<input type="text"/> €	<input type="text"/> €

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Asdo.:
 Lugar e data
 Ferrol, de de 2018

LIÑA DE AXUDA: DINAMIZACIÓN COMERCIAL, HOSTALEIRA E MERCADOS	SOLICITUDE pax.2/3
Convocatoria de axudas ANUALIDADE 2018	

ENTIDADE SOLICITANTE	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF

- a) Declara responsablemente que a entidade solicitante cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario segundo o art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e do art. 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Declara responsablemente que a entidade solicitante cumpre coas obrigas esixidas no art. 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e particularmente o sometemento ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que llesponden á intervención municipal nos termos sinalados no Título III da Lei 38/2003
- c) En relación coas actividades subvencionadas na presente convocatoria, declara que (*marcar a que corresponda*):
 - Non ten solicitado outra axuda ata o día da data
 - Si presentou solicitude doutras axudas , pero non foron concedidas ata o día da data
 - Si obtivo outras axudas nos seguintes organismos ata o día da data:

Organismo/entidade pública ou privada	data solicitude	data concesión	Importe
			€
			€
			€

Así mesmo, a entidade solicitante comprométese a comunicar cantas solicitudes de subvención, relacionadas coas actividades subvencionadas nesta convocatoria, tramite en calquera organismo público/privado, a partir da data de hoxe.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Asdo.:

Lugar e data

Ferrol, de de 2018

LIÑA DE AXUDA: DINAMIZACIÓN COMERCIAL, HOSTALEIRA E MERCADOS	SOLICITUDE pax.3/3
Convocatoria de axudas ANUALIDADE 2018	

ENTIDADE SOLICITANTE	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- | | Ano | Subvención |
|---|-----|------------|
| <input type="checkbox"/> Documentación Xeral | | |
| <input type="checkbox"/> Copia compulsada do CIF da entidade/asociación | | |
| Dispoñible na unidade tramitadora | [] | [] |
| <input type="checkbox"/> Copia compulsada dos seus estatutos | | |
| Dispoñible na unidade tramitadora | [] | [] |
| <input type="checkbox"/> Copia compulsada do CIF do solicitante/representante que asina esta solicitude | | |
| Dispoñible na unidade tramitadora | [] | [] |
| | | |
| <input type="checkbox"/> Declaración xurada de que os datos dispoñibles na unidade tramitadora non sufriron variación ningunha | | |
| <input type="checkbox"/> Número de conta bancaria (formulario oficial Tesouraría Municipal) | | |
| <input type="checkbox"/> Certificación orixinal acreditativa do acordo de solicitude da subvención por parte da entidade | | |
| <input type="checkbox"/> Acreditación mediante documentos orixinais de estar ao corrente nas obrigas coa Tesouraría da Seguridade Social, coa AEAT o co Concello de Ferrol. | | |
| | | |
| Documentación específica: | | |
| <input type="checkbox"/> Solicitude de subvención (modelo solicitude) | | |
| <input type="checkbox"/> Cadro de valoración (modelo) | | |
| <input type="checkbox"/> Memorias-actuacións (modelo) | | |

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Asdo.:

Lugar e data

Ferrol, [] de [] de 2018

**CADRO DE VALORACIÓN
DINAMIZACIÓN DO COMERCIO, HOSTALERÍA E MERCADOS (Convocatoria 2018)**

1.- DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

Entidade:	<input type="text"/>	NIF:	<input type="text"/>
Persoa responsable do proxecto	<input type="text"/>	Teléfono:	<input type="text"/>
		E-mail:	<input type="text"/>
Zona comercial/hostaleira de influencia	<input type="text"/>		

2.- CRITERIOS DE VALORACIÓN OBXECTIVOS

	Individuais	Conxuntas
Número total de actividades SOLICITADAS (máximo 6):	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Actividades de formación, idiomas ou novas tecnoloxías	Marcar cun X		
	Formación xeral	Mellora uso de idiomas	Novas tecnoloxías
1. <input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
2. <input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
3. <input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
4. <input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
5. <input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
6. <input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

Financiamento	%
Porcentaxe solicitado	<input type="text"/>
Porcentaxe cofinanciado pola entidade	<input type="text"/>

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Asdo.:

Lugar e data
Ferrol, de de 2018

MEMORIA-ACTUACIÓN SOLICITADAS (*)

DINAMIZACIÓN COMERCIAL, HOSTALEIRA E MERCADOS (CONVOCATORIA 2018)

(*) Cumprimentarase unha por cada actuación solicitada

TÍTULO DA ACTUACIÓN:	
Prioridade: (ordenar por importancia 1º-6º)	

Descrición da actuación	Data/as de realización (días ou mes do ano)	gastos subvencionables	IMPORTE
total importe actividade			€

Actividade conxunta con outra/s entidade/es (*)	
Entidade	Importe solicitado

Importe solicitado

	€	%
--	---	---

**Outras fontes de
financiamento**

	€	%
--	---	---

(*) Só cumprimentar para actividades conxuntas con outras entidades